

## Contra a ditadura dos banqueiros e os recortes dos gastos sociais

# O 15-M debe continuar estendéndose, con novas mobilizacións que preparen unha gran folga xeral

**D**esde o domingo 15 de maio, decenas de miles de persoas encheron as rúas de numerosas cidades do Estado español en constantes concentracións, manifestacións e asembleas masivas. A forza, a decisión e o arroxo co que miles de mozos irromperon na escena política deixando claras as súas ansias de participación, desafiando os intentos de desaloxo das acampadas e as prohibicións para impedir o exercicio ao dereito de manifestación e expresión, e a súa resistencia exemplar fronte a brutalidade policial en Barcelona, convertéronse nunha tremenda referencia de loita. Un movemento que xa traspasou as fronteiras do Estado español e que contaxia a outros países onde se están a realizar demostracións masivas imitando o 15-M: Grecia e Francia son a avanzada, pero non tardarán moito en sumarse outros.

Fronte a todos aqueles que veñen expoñendo que o problema é a falta de conciencia e de espírito de rebeldía, estas mobilizacións son un exemplo concreto no sentido contrario.

### UNHA LOITA ANTICAPITALISTA

Este movemento puxo de manifesto as ansias de debater e defender unha alternativa a esta sociedade inxusta onde unha minoría de multimillonarios se lucra á conta do empobrecemento da maioría. Ao longo e ancho de todo o Estado, os centos de concentracións, manifestacións e asembleas, incluídas as asembleas populares que se realizaron en numerosos barrios das grandes cidades, deron testemuño dunha repulsa xeral contra os banqueiros e o poder financeiro, contra as medidas antisociais adoptadas polo goberno, a favor de reivindicacións que inciden na loita contra o desemprego, por unha vivenda digna, polo incremento do SMI, por unha educación e sanidade públicas de calidade, contra a corrupción das institucións do capitalismo... Nestas semanas de accións na rúa quedou claro o forte carácter de esquerdas e anticapitalista da maioría dos que participamos nelas.

Se isto foi o que ocorreu na práctica, non é menos certo que nalgunhas reunións se puideron escoitar comentarios e intervencións contra a “política” en xeral. Moitos destes prexuízos responden á frustración coa política oficial, incluído o completo desengano co goberno do PSOE, que capitulou aos ditados dos poderes económicos, e a forte crítica cara aos sindicatos maioritarios pola súa estratexia de desmobilización e pactos coa patronal. Aínda que é lóxico que nestas fases iniciais unha parte dos mozos que participan nas asembleas teña prevención contra os intentos de manipulación, hai que insistir que este movemento ten un claro carácter político de esquerdas.

De feito, a experiencia deixouno ben claro. ¿Como pode falarse de que este movemento é apolítico cando a dereita (PP e CiU) promoveron a represión policial para desaloxar aos mozos que ocupaban a Praza Cataluña ou a Porta do Sol? A dereita é a inimiga declarada da mocidade e da clase obreira; maquillar esta realidade, ou directamente agachala, non a nega en absoluto. As manifestacións e asembleas destas semanas o que puxeron de manifesto é que fai falta unha política que de verdade defenda os intereses da maioría, que de verdade loite consecuentemente contra as inxustizas do sistema, que organice á mocidade e os traballadores para transformar a sociedade. A plataforma reivindicativa aprobada en numerosas asembleas (Málaga, Sevilla, Barcelona, Compostela, moitos barrios de Madrid...) son un bo exemplo neste sentido.

No movemento 15-M participan miles de mozos e traballadores que están organizados politicamente na esquerda, e isto non debería constituír ningún problema. Nun movemento tan masivo como este, todas as ideas están a discusión e ninguén debería ter medo ao debate democrático; ninguén debe tutelalo, e moito menos pretender decidir que ideas se deben escoitar e cales non, que se debe ler ou non. Os dereitos de liberdade de expresión reunión e organización custaron moito. Son conquistas arrinca-

das pola clase obreira á ditadura franquista nunha dura batalla. Eses dereitos son patrimonio de todos e debemos defendelos. Se loitamos por unha democracia real, debemos ser conscientes de que no movemento todos podemos debater, escoitar e decidir sen que ninguén nos coarte. Que ninguén reprima o dereito de todos a manifestar os seus puntos de vista, incluídas as organizacións de esquerdas que apoian lealmente o movemento cun programa anticapitalista e revolucionario.

## CONTINUAR AS MOBILIZACIÓNS E CONFLUÍR NUNHA GRAN FOLGA XERAL

A decisión de realizar asembleas nos barrios necesita reforzarse con accións masivas. A convocatoria de mobilizacións estatais para o 19 de xuño é un paso adiante para dar continuidade á loita e sumar novos sectores. Pero, ao mesmo tempo, debemos plantexarnos un obxectivo máis ambicioso para conseguir as reivindicacións expostas polo movemento. Desde a Corrente Marxista EL MILITANTE cremos que é necesario facer un chamamento concreto á clase obreira a sumarse á mobilización, chegando a centos de polígonos industriais e empresas, como xa se está a facer nalgúns cidades, e promover a convocatoria dunha nova folga xeral. Estas propostas foron aprobadas por unanimidade na Asemblea do 15-M en Málaga, e apoiadas noutras, como as de Valencia, Tarragona, Sevilla, Vitoria, Almería, Sagunto, etc.

Tras as eleccións do 22 de maio quedou claro que o Goberno se prepara para poñer en marcha novos ataques e medidas de axuste contra a maioría da poboación, en sintonía coas esixencias da gran banca, a CEOE, o FMI e a UE. O mesmo ocorrerá se o PP gaña as próximas eleccións xerais: as receitas de recortes salvaxes do gasto social, novas privatizacións e contrarreformas laborais estarán á orde do día de maneira inmediata. Se queremos parar os ataques, se queremos facer realidade as demandas defendidas nas asembleas e concentracións, debemos empezar por parar a vida social e económica de todo o Estado español. Para iso é fundamental esixir aos dirixentes sindicais de CCOO e UGT que rompan coa política de “paz social”, que non asinen máis pactos coa patronal e que impulsen unha gran folga xeral, en coordinación co movemento 15-M e o resto de organizacións sindicais (como a CIG, no caso de Galiza) e políticas da esquerda.

Unha proposta semellante, difundida masivamente, tería o apoio entusiasta da clase traballadora e de decenas de miles de delegados sindicais e afiliados dos grandes sindicatos, que tamén están moi descontentos coa política dos seus dirixentes. A entrada en escena do movemento obreiro organizado é a clave, e reforzaría enormemente a loita iniciada, como demostran as experiencias de Francia, Portugal, Grecia e das revolucións no mundo árabe.

**Somos a maioría, xuntos e unidos podemos transformar a sociedade!**

- **Basta xa de ataques** contra a mocidade, os traballadores e os pensionistas. Nin contrarreforma laboral nin contrarreforma das xubilacións.
- **Non aos recortes orzamentarios en sanidade, educación ou prestacións sociais.** Si hai diñeiro, e moito. ¡Nacionalización da banca para promover un plan de choque en obras públicas e infraestruturas, sanidade, educación e dar empregos a millóns de traballadores e mozos en paro!
- **¡Por unha vivenda digna para todos!** Nacionalización das grandes construtoras e inmobiliarias e creación dun gran parque público de vivendas en aluguer a un prezo non superior ao 10% do SMI.
- **¡En defensa dos parados!** Subsidio de desemprego indefinido de 1.100 € mensuais. Redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen redución salarial.
- **Non á privatización da sanidade, a educación e as empresas públicas.** Renacionalización das empresas privatizadas (Telefónica, Repsol, etc.) e defensa de todos os postos de traballo
- **Incremento drástico dos impostos aos ricos.** Confiscar os patrimonios das grandes empresas e os millonarios que defraudan
- **Non ao recorte dos dereitos democráticos.** Plena liberdade de reunión, manifestación e expresión. **Basta de represión contra a mocidade.**

**Contacta coa corrente marxista EL MILITANTE  
e defende connosco estas ideas**



[elmilitante@elmilitante.net](mailto:elmilitante@elmilitante.net)

[www.elmilitante.net](http://www.elmilitante.net)